

A raíña de doce de leite

Rosa Aneiros

Texto publicado o día de Reis de 2005 no Faro de Vigo

-¿Vós sabés lo que decís, señorita? Son los Reyes. Es algo muy serio.

A caixeira mirou de esguello a cola que se retorecía coma unha serpe ao pé do mostrador. Camisetas, xerseis e pantalóns penduraban do antebrazo de clientes que rosmaban a súa impaciencia. Os ollos azuis da muller espetáronse no fastío da rapaza.

-¿Y bien? ¿Vós me lo jurás?

-Mire, señora, é a terceira vez que pregunta o mesmo. ¿Quere que llo poña por escrito?

A muller azul de mans xeadas negou co cabeza e depositou catro prendas no mostrador. Unha a unha foron pasando polo rexistrador electrónico.

-¿Mañana mismo puedo venir?

A caixeira suspirou un si canso namentres os comentarios molestos dos outros clientes se mesturaban coa incordiante música de Nadal. A choiva voraz deulle unha labazada nada máis abrir as portas de cristal.

A muller de corazón de doce de leite espreitou a noite húmida e as luces de cores e as presas da rúa e o estalo do celofán e os escaparates escintilantes. E a muller de estrías de caramelo pensou:

-Maldita seás. En Avellaneda todavía hay sol cuando una deja el laburo y vuelve a casa hecha una prostituta de la carne enlatada. Mi Buenos Aires querido.

Abandonou o centro da cidade con pisadas lentas e ruidosas. As bandas brancas dos pasos de peóns enguliron o seu cansazo e raiaron a rabia silenciosa de quen ve brillar o futuro tan lonxe como nunca. As mans coloradas agarraban con forza as bolsas da tenda. Pesaban como só pesa un visado a piques de vencer nese primeiro xaneiro lonxe da melancolía do tango e da escravitude do *corralito*.

-Mamita, pero si los Reyes Magos saben la dirección de La Plata no nos van a traer nada. ¿Vós sabés si les llegó mi carta?

A filla máis nova formulara aquela sorprendente pregunta cos seus quince anos chiscándolle un ollo diante do seu avó. O vello amosara os seus non-dentes nun riso tan infantil coma desmemoriado.

-¡E logo! –dixo con acento de Forcarei e cincuenta anos de ferroviario en Bos Aires- ¡Como non van saber que viñemos! ¡Coa fartura que hai aquí! Isto non é como cando me fun que era unha miseria.

A muller de mans xeadas abriu caladiña a porta da casa e colocou os paquetes arredor da árbore. A familia latricaba na cociña cando:

-¡Llegaron! ¡Qué bueno que vinieron los Magos!

Namentres, quecía as mans que lle quedaran a raias como os pasos de peóns, tres adolescentes entraron na sala e contemplaron abraiados os paquetes de cores. O avó fixo brillar as enxivas:

-¿Védelo? Xa o sabía eu. Viñeron eses baldreus. ¡E iso que son republicano! Aquí hai fartura, meus filliños, hai fartura.

Os rapaces quedaron petrificados ata que un deles preguntou:

-¿Podemos, mamita, podemos abrirlos?

-Claro que podés.... sólo debés tener cuidado con las etiquetas. Que no se rompan...

E a muller azul chorou ao velos escintilar naquela mollada noite de inverno cando en Arxentina aínda era día e o verán arrastraba os seus corenta graos polo barrio de Avellaneda. Os xerseis e as camisas cubriron os seus corpos de patria roubada namentres unha bufanda gris se enroscaba no pescozo do octoxenario, viúvo da Chacarita e da inflación do peso arxentino.

A noite foise consumindo como un cirio. Ao mencer, a muller de pernas de vagalume recolleu todas as prendas. Dez segundos despois do inicio das rebaixas, cando o balbordo ateigaba a tenda, presentouse no mostrador. A caixeira ollouna con incredulidade:

-¿Quere cambiar algo, señora?

-Todo.

-¿Vai mirar outra cousa...?

-Devolución en efectivo, mi hijita. Los Reyes han venido a cobrarse lo suyo.

A dependienta devolveulle todas e cada unha das moedas que teceran a bufanda do avó e os xerseis dos nenos. Tirou do fío e desfíxo a calor do inverno para devolverlle á muller *alfajor* a dura intemperie. E ela dirixiuse ao banco para pagar o aluguer de xaneiro antes de que a morriña lle cheirase a doce de leite.

De regreso a casa xa ninguén agardaba polos magos. Só o avó festexaba a fartura da terra que o exiliara e o volvera acoller namentres Arxentina se consumía a si mesma. Cando un intre de lucidez lle devolveu a memoria meses despois e preguntou pola súa bufanda de reis, a muller de mans xeadas respondeu:

-Papá, estás tonto, viejo. Los Reyes están ya en Argentina. Allá es donde hace frío ahora, que cosás tenés, los reyes...